



Concello do Grove

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Medidas preventivas adicionais nos lugares de traballo dependentes do Concello do Grove como consecuencia da evolución da epidemia COVID-19.

Ante a expansión do SARS-CoV-2 nos derradeiros días, e dada conta do *Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19*; do *Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga)*; así como das demais das disposicións, resolucións e recomendacións das autoridades estatais, autonómicas, provinciais, e das asociacións de entidades locais publicadas nos diarios oficiais e achegadas a este Concello,

Dada conta do Decreto desta Alcaldía núm. 2020-0196 de 13.03.2020, polo que se adoptaron medidas preventivas como consecuencia da evolución da epidemia COVID-19.

Unha vez declarado o estado de alarma así como a emerxencia sanitaria, e de conformidade cos criterios adoptados na reunión da Comisión Municipal de seguimento da evolución do COVID-19 desenvolvida o 16.03.2020; faise preciso adoptar medidas adicionais que contribúan á contención da enfermidade garantindo, ao mesmo tempo, o mantemento da prestación dos servizos esenciais,

Polo que visto cando antecede, no exercicio das competencias que me confire o artigo 21.1 letras h) e m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, **RESOLVO:**

Primeiro. Todos os empregados públicos cuxas funcións se realicen dentro de edificios ou instalacións administrativas que permitan o seu desenvolvemento a distancia prestarán o servizo desde o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial.


Polo tanto, déixase sen efecto o apartado 5.3 do Decreto da Alcaldía núm. 2020-0196 de 13.03.2020, non sendo precisa previa autorización da Alcaldía nin alegación de causa xustificativa para acollerse á modalidade de traballo non presencial; sen prexuízo do cumprimento das instrucións e ordes que nesta materia de ditén polos xefes de servizo ou pola Alcaldía.

Para tales efectos o traballo a distancia realizarase ordinariamente a través da plataforma *Gestiona*, sen prexuízo doutras fórmulas adicionais de conexión aos equipos persoais. Así mesmo, deberán articularse medios de comunicación telefónica, preferentemente, mantendo as correspondentes extensións asignadas a cada empregado público.

Segundo. Non obstante o disposto no apartado anterior, o edificio administrativo municipal, permanecerá en funcionamento, con porta pechada, en horario de 9 a 14 horas, mantendo, sempre que sexa posible, os seguintes servizos mínimos de forma presencial:

- Conserxería municipal
- Oficina de rexistro e estatística

Concello do Grove





Concello do Grove

- Secretaría Xeral
- Intervención/Contabilidade
- Tesouraría/Recadación

Os empregados municipais que acudan a prestar estes servizos deberán realizalo en días alternos, polo que se organizarán quendas polos correspondentes xefes de servizo, de modo que, na medida das disponibilidades do persoal e das necesidades administrativas, cada servizo dos anteriores sexa atendido por unha persoa.

Terceiro. Todos os demais empregados públicos que realicen funcións dentro de edificios ou instalacións administrativas que non se poidan desenvolver mediante o traballo non presencial deberán permanecer nos seus domicilios, quedando as súas actividades suspendidas temporalmente.

Cuarto. Na área de Admnsitración Especial, nos servizos de Vías e Obras, Limpeza Viaria, Recollida de Lixo, Augas, e demais análogos desempregados polo persoal de oficios; se establecerá, polo responsable da área, un réxime de servizos mínimos que permita compatibilizar o correcto funcionamento dos mesmos coas medidas de protección da saúde derivadas da emerxencia sanitaria.

Quinto. En todo caso, todos os empregados permanecerán localizables e deberán reincorporarse aos seus postos de traballo de forma presencial se así se require por necesidades do servizo, salvo causa xustificada.

Sexto. Dada a situación de crise sanitaria e tendo en conta o disposto polo Goberno de España, a Policía Local e o Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil continuarán coa prestación dos respectivos servizos de xeito ordinario.

Sétimo. Os Servizos Sociais Municipais, a Unidade Asistencial de Drogodependencias e o Centro de Información ás Mulleres, dado o seu carácter asistencial, quedarán suxeitos no desenvolvemento do seu traballo aos protocolos establecidos polos responsables de Área, de acordo coas instrucións ditadas pola Administración Autonómica, priorizando, sempre que sexa posible, á atención telemática e o teletraballo.

Oitavo. Mantéñense as medidas adoptadas no Decreto da Alcaldía núm. 2020-0196 de 13.03.2020, en todo o que non se opoñan a esta Resolución.

Noveno. As anteriores medidas estarán vixentes dende a data da sinatura do presente Decreto ata o 31 de marzo de 2020 e sen prexuízo da súa posible prórroga en función da evolución da pandemia, e doutras medidas que poidan vir impostas polas autoridades competentes.

Décimo. Dar conta ao Pleno na próxima sesión ordinaria que celebre.

Mándao e asíno o alcalde na data indicada na marxe do que como secretario da corporación dou fé aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2. letra 'e' do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.

Documento asinado electronicamente.

Concello do Grove

Praza do Corgo, 1, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986 730 975. Fax: 986 731 358

